

MEDIDAS PARA FAVORECER A LECTURA E A ESCRITURA EN INFANTIL



CRONOGRAMA



CONTEXTUALIZACIÓN

- CRA situado en Tomiño con 13 escolas - 125 alumnos e alumnas.
- Dispersión xeográfica.
- Heteroxeneidade dos agrupamentos (aulas mixtas infantil).
- Identidade pedagóxica sólida, baseada no emprego de metodoloxías activas, na atención aos intereses do alumnado e aos seus ritmos madurativos, así como na apertura á contorna e a participación da comunidade.
- Incremento notable do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

**NECESIDADE DUNHA COORDINACIÓN PEDAGÓXICA MOI COIDADA PARA GARANTIR
UNHA RESPOSTA EDUCATIVA COMÚN E COHERENTE**

DEBILIDADES

FORTALEZAS

- **Heteroxeneidade** do alumnado.
- **Necesidade de secuenciación** das actividades.
- **Falta de indicadores comúns por nivel**
- **Alumnado con NEAE ***
- Necesidade de acompañamento no acceso á información.
- Necesidade de incorporar soportes accesibles.
- **Dispersión das escolas.**
- **Falta de tempo para xuntarse e coordinarse.**
- Rotura intencionada de material.

- Achegamento previo ás bases da escrita e da lectura.
- **Biblioteca de centro e de aula..**
- **Ambientes de linguaxe nas escolas. Documentación pedagóxica.**
- **Traballo por proxectos e propostas abertas.**
- Participación das familias e contexto estimulante.
- **Metodoloxía activa, creativa e respectuosa cos ritmos madurativos.**
- Conexión entre experiencia, oralidade, produción gráfica, Sonora e corporal.
- **Formación pedagóxica do profesorado.**
- Integración da escrita en contextos reais.
- **Diferentes medios de acceso á información, conectividade e banco de recursos comúns.**
- Contorna rica e conexión global entre as aulas.

- Perda do galego e avance do castelán nos usos espontáneos.
- Prácticas pechadas e excesivamente estandarizadas.
- **Presión das familias cara a aprendizaxes máis formais ou prematuras.**
- **Pantallas e usos dixitais pouco acompañados.**

- **Sistematización e optimización das prácticas xa existentes.**
- Maior intencionalidade común entre aulas.
- Resposta inclusiva ao alumnado máis vulnerable no ámbito lingüístico.
- **Concreción das prácticas presentes nas diferentes aulas.**
- **Creación de material común.**
- Contacontos e biblioteca de centro ao servizo das aulas.
- **Aumento da expresión oral do alumnado.**
- **Uso de diferentes soportes e fontes.**
- **Criterios mínimos consensuados e compartidos coas familias.**

AMEAZAS

OPORTUNIDADES



ENQUISAS PROFESORADO

Dificultades máis reiteradas e **propostas de mellora** son:

- **Diversidade de ritmos** e niveis nun contexto multinivel, a **falta de tempo estable**, a necesidade de **apoios** e, en menor medida, a escasez ou **organización de materiais**.
- **Secuenciación común** por idades ou momentos evolutivos, **mínimos compartidos** de centro e **seguimento** común dos avances.
- **Formación do profesorado**, o **intercambio de boas prácticas**, a **ampliación de materiais** e unha **mensaxe máis consensuada ás familias** sobre lectura e escritura en Infantil.



Organización e recursos
Competencia escrita
Enfoque metodolóxico
Hora de ler
Oralidade
Materiais
Textos
Actividades de escrita

ENQUISAS ALUMNADO

·Todos os nenos e nenas que responderon indican que lles gusta **mirar libros** na aula e levar **libros da escola para casa**.

·Predomina a preferencia por **mirar contos con compañeiros/as** fronte a un papel máis pasivo de escoita, o que reforza o valor da lectura como práctica social e compartida.

·Os **gustos lectores** concéntranse sobre todo en contos e libros de **animais**, e a **escrita inicial aparece vinculada a palabras para debuxos, listas e carteis**; isto encaixa ben cun enfoque de alfabetización emerxente.



Interese lector
Hora de ler e oralidade
Escritura inicial e fogar

ENQUISAS FAMILIA

- **Petición máis repetida** é reforzar os **contacontos e outras propostas de animación á lectura**. Hai tamén referencias ao **teatro**, ás lecturas teatralizadas e á **música**.
- Segundo bloque de suxestións apunta **á creación**: inventar contos, xogos de escritura, xornal escolar ou actividades nas que o alumnado produza historias propias.
- Varias familias consideran que o centro xa desenvolve unha oferta axeitada e piden, sobre todo, **manter o que funciona**.
- Aparecen cuestións que convén ter presentes na comunicación coas familias: algunha demanda de **iniciación lectora máis temperá, interese por reforzar o galego e dificultade para asistir ás actividades polos horarios laborais**.



Lectura na casa
Escritura inicial
Contorna lectora
Uso lingüístico

PROPOSTAS DERIVADAS DA ANÁLISE

- Elaborar unha pequena **secuenciación de centro**, flexible e non prescritiva, **con referentes compartidos** sobre **oralidade, conciencia fonolóxica, contacto con textos, biblioteca e escrita inicial**.
- Acordar unha **mensaxe común ás familias sobre alfabetización emerxente**: que se traballa, que non se pretende adiantar de forma mecánica e como poden acompañar na casa.
- **Reforzar as actividades de animación lectora** que máis valoran as familias e que mellor conectan coa etapa: contacontos, teatro, dramatización, préstamo e creación de historias.
- **Ordenar e facer máis visible o banco de recursos común**, tanto de biblioteca como de materiais para escrita, oralidade e conciencia fonolóxica.
- **Revisar**, na medida do posible, **necesidades de apoio e tempos de coordinación** para facer viable un seguimento máis compartido do progreso do alumnado.

OBXECTIVOS

CONSOLIDAR

prácticas compartidas de lectura emerxente, lectura en voz alta e lectura dialogada nas distintas aulas do CRA

POTENCIAR

o desenvolvemento da oralidade, do vocabulario e da conciencia lingüística (léxica, silábica e alfabética) mediante micro-rutinas sistemáticas

FAVORECER

a presenza de textos reais, variados e accesibles en todas as aulas e espazos do centro

IMPULSAR

a escritura emerxente como medio de expresión, comunicación e representación en contextos significativos

SISTEMATIZAR

estratexias comúns de acceso á información, observación, formulación de preguntas, procura guiada e comunicación do aprendido

REFORZAR

o papel da biblioteca escolar e das bibliotecas de aula como espazos de gozo, documentación, investigación e mediación lectora

PROMOVER

a implicación activa das familias e da comunidade educativa nas prácticas lectoras, escritoras e informacionais do centro

ESTABLECER

criterios e instrumentos comúns de seguimento, diagnose e avaliación adaptados á etapa e á diversidade do alumnado

E AGORA QUE?



- **Necesidade de organizar** todas as conclusións, propostas e obxectivos.
- Acordo de dar **importancia á parte de conciencia fonolóxica e oralidade.**
- Creación de **4 equipos:** Conciencia léxica, silábica, alfabética e oralidade/vocabulario.
- **Equipo de ciclo** encargado dos precursores
- Equipos integrados por titorías pero incluíndo a **todo ó profesorado.**
- Organización de **reunións periódicas e postas en común.**
- Elaboración de **materiais en lingua galega.**

1. CONCIENCIA LÉXICA

ORDE	SECUENCIACIÓN	EN QUE CONSISTE	ACTIVIDADE PARA TRABALLALO
1	Contar palabras	Identificar cantas palabras ten unha oración oral, primeiro con apoio visual e despois sen apoio.	Dicir “Uxía bebe auga” e poñer unha ficha por cada palabra; despois repetir a frase sen fichas e volver contalas.
2	Contar palabras con palabras de función	Manter o reconto cando aparecen artigos, posesivos ou preposicións, que adoitan pasar desapercibidos.	Traballar con frases como “O neno colle o zapato” e usar pinzas ou bloques para marcar tamén “o / o”.
3	Engadir palabras	Construír unha oración máis longa engadindo unha palabra a unha frase xa dada.	Partir de “Leo corre” e pedir: “engádelle unha palabra”; por exemplo, “Leo corre rápido”.
4	Omitir palabras	Decatarse de que unha oración cambia se quitamos unha das palabras que a compoñen.	Dicir “Mamá le un conto” e preguntar que queda se quitamos “un” ou “conto”.
5	Reformular oracións	Xogar con oracións de 4-5 palabras, comprobando que se poden ampliar, reducir ou ordenar mellor.	Darlle ao alumnado tarxetas-palabra para formar unha frase e cambiar unha parte: “A avoa fai sopa” → “A avoa fai sopa quente”.

Aplicación práctica: avanzar cando a maioría do alumnado responda con seguridade e a tarefa anterior estea consolidada con e sen apoio.

1. CONCIENCIA LÉXICA

Idea clave

Comprender que o discurso oral se pode dividir en palabras e que esas palabras poden contarse, engadirse, omitirse e reformularse.

Temporalización orientativa

Micro-rutinas de 10-15 minutos, 3-4 veces por semana. Priorizar 3 anos e inicio de 4 anos, sen abandonar o repaso posterior.

Acordo claustro


Conteo de palabras con puño

EXEMPLOS PRÁCTICOS CONCIENCIA LÉXICA

CONTAR PALABRAS

"O can corre"

Cadea de aros de psico e teñen que saltar por cada palabra.



CONTAR PALABRAS CON FUNCIÓN

Inventamos frases



ENGADIR PALABRAS

Profe empieza unha frase:
"O can" e pon 2 coches,
despois cada peque ten
que ir pondo un coche
por cada palabra que
engade.



EXEMPLOS PRÁCTICOS CONCIENCIA LÉXICA

OMITIR PALABRAS

"O ladrón de palabras"

Dicimos unha frase

"A nena come unha mazá"

Logo repetimos quitando unha palabra

"A nena come mazá"

Teñen que descubrir que palabra desapareceu.

Variante: Eles son os ladróns e ladroas

REFORMULAR ORACIÓNS

ORDENAR PALABRAS

Trabajamos conciencia léxica

1

Rodea

Ordena las palabras y forma una frase.

Rodea la frase que te ha salido.

Ordena las palabras y forma una frase.

Rodea la frase que te ha salido.

Belinda Haro Castilla

Virginia Mansilla Rodríguez

2. CONCIENCIA SILÁBICA

ORDE	SECUENCIACIÓN	EN QUE CONSISTE	ACTIVIDADE PARA TRABALLALO
1	Segmentar sílabas	Romper a palabra nas sílabas que a forman, primeiro con ritmo e apoio corporal.	Dar palmadas ao dicir “re-co-ller”, usar aros ou vagóns para colocar unha sílaba en cada espazo.
2	Recoñecer sílabas	Percibir que unha palabra contén unha sílaba concreta, sobre todo en posición inicial ou final.	Preguntar: “Escoitas /pa/ en mopa? Onde?” apoiándose en debuxos e alongando a palabra.
3	Aislar sílaba inicial	Dicir cal é a primeira sílaba dunha palabra coñecida.	Con fotos da aula: “cal é a primeira sílaba de mesa?” → “me”.
4	Aislar sílaba final	Dicir cal é a última sílaba dunha palabra, tarefa algo máis custosa ca inicial.	Xogar con palabras bisílabas e trisílabas: “cal é a última sílaba de sapato?” → “to”.
5	Integrar sílabas	Xuntar sílabas ditas por separado para descubrir a palabra completa.	A mestra di “ca-sa” e o alumnado responde “casa”; despois pasar a palabras trisílabas.
6	Manipular sílabas	Engadir, quitar ou cambiar sílabas para observar como cambia a palabra.	Preguntar: “se a ‘casa’ lle quitamos ‘ca’, que queda?” ou “se a ‘lata’ lle cambio ‘la’ por ‘pa’, que palabra sae?”.

Aplicación práctica: avanzar cando a maioría do alumnado responde con seguridade e a tarefa anterior estea consolidada con e sen apoio.



2. CONCIENCIA SILÁBICA

Idea clave

Recoñecer que as palabras teñen “anacos” sonoros máis grandes ca os fonemas: as sílabas.

Temporalización orientativa

Rutinas de 10-15 minutos, 3-5 veces por semana. Moi presente en 4 anos e consolidación en 5 anos.

Acordo claustro

Conteo de sílabas con dedos sumativos

EXEMPLOS PRÁCTICOS CONCIENCIA SILÁBICA


SEGMENTAR SÍLABAS

Contar sílabas




RECOÑECER SÍLABAS

Aislar inicial/media/final



Palabras encadeadas



*Elaborando este material en galego

EXEMPLOS PRÁCTICOS CONCIENCIA SILÁBICA

INTEGRAR SÍLABAS

MANIPULAR SÍLABAS

Ordenar sílabas

Sumar

Restar

ORDENAR SÍLABAS 1

Trabajamos conciencia silábica.

Nivel 1

Ordena

Rodea

Ordena las sílabas y forma una palabra.

Rodea la palabra que se ha escrito.

Ordena las sílabas y forma una palabra.

Rodea la palabra que se ha escrito.

Belinda Haro Castilla

Virginia Mansilla Rodríguez

Leticia Aguilera Vela

María Blanco Casillas

Presentación de PowerPoint Sumamos sílabas iniciales INTERACTIVO nivel 1 1 Sol

Materiales Comunicamos

Leticia Aguilera Vela

Watch on YouTube

RECOPIULATORIO OMITIR SÍLABAS

Trabajamos conciencia silábica.

Rodea

Quitamos la sílaba inicial 1

Rodea la correcta

Belinda Haro Castilla

Virginia Mansilla Rodríguez

3.1. CONCIENCIA FONÉMICA

ORDE	SECUENCIACIÓN	EN QUE CONSISTE	ACTIVIDADE PARA TRABALLALO
1	Escoitar e recoñecer fonemas	Percibir se un son aparece nunha palabra, sen entrar aínda na escrita.	Preguntar: “soe /s/ en sapo?” e acompañar a resposta con bloques ou xestos articulatorios.
2	Aislar fonema inicial	Identificar o primeiro son dunha palabra sinxela e coñecida.	Con imaxes de aula: “cal é o primeiro son de sol?” → /s/.
3	Aislar fonema medial	Atender ao son que vai no medio de palabras curtas, especialmente CVC.	Traballar con “sol”, “pan”, “mar” e preguntar polo son do medio.
4	Segmentar fonemas en palabras CVC	Romper palabras moi curtas nos seus sons, mantendo a orde correcta.	Usar tres fichas para representar /s/-/o/-/l/ e mover unha por cada son.
5	Segmentar fonemas en palabras máis longas	Ampliar a segmentación a palabras de 4 sons ou a estruturas algo máis complexas.	Pasar de “sol” a “sapo” ou “mesa”, sempre con apoio manipulativo.
6	Integrar fonemas	Escoitar sons separados e xuntalos para formar unha palabra.	A docente di /o/ - /s/ - /o/ e o alumnado responde “oso”.
7	Manipular fonemas	Engadir, quitar ou substituír un fonema para xerar unha palabra nova.	“Como queda ‘ola’ se lle poño /c/ diante?” → “cola”; “e se a ‘taza’ lle cambio /t/ por /c/?”.

3. CONCIENCIA FONÉMICA

Idea clave

Relacionar a escoita consciente dos fonemas co inicio do principio alfabético, sempre desde unha base oral e manipulativa.

Temporalización orientativa

Iniciar de forma lúdica en 4 anos con sons moi claros; en 5 anos sistematizar e conectalo coa descodificación inicial.

Acordo claustro



Conteo de fonemas cos dedos

EXEMPLOS PRÁCTICOS CONCIENCIA FONÉMICA

ESCOITAR E RECOÑECER FONEMAS



AISLAR FONEMAS



EXEMPLOS PRÁCTICOS CONCIENCIA FONÉMICA

SEGMENTAR FONEMAS

EMPIEZA POR EL SONIDO ...

Trabajamos Conciencia Fonémica

Colorea

Tacha

Señala las que empiecen por el sonido...

L

Belinda Haro Castilla

M^a Soledad Jiménez Urbano

INTEGRAR FONEMAS

ORDENAR FONEMAS 1

Trabajamos conciencia fonémica

Nivel 1

Ordena

Rodea

Ordena los sonidos y forma una palabra

Rodea la palabra que ha salido

Ordena los sonidos y forma una palabra

Rodea la palabra que ha salido

Belinda Haro Castilla

Virginia Mansilla Rodríguez

EXEMPLOS PRÁCTICOS CONCIENCIA FONÉMICA

MANIPULAR FONEMAS

Dynamilis.com







AÑADIR FONEMA AVERIGUA

Añadimos fonema inicial y final



Coloca

1.1

	+		=				+		=	
	+		=				+		=	
	+		=				+		=	
	+		=				+		=	
	+		=				+		=	

Belinda Haro Castilla

Mariana Martín Castilla

3.2. PRINCIPIO ALFABÉTICO

ORDE	SECUENCIACIÓN	EN QUE CONSISTE	ACTIVIDADE PARA TRABALLALO
8	Relacionar son e grafía	Unir progresivamente os fonemas traballados ás letras significativas, unha vez asentada a tarefa oral.	Empregar letras móbiles co nome propio e palabras moi coñecidas para ligar /m/ coa letra m, /s/ coa s, etc.




EXEMPLOS PRÁCTICOS PRINCIPIO ALFABÉTICO

RELACIONAR SON E GRAFÍA

PIENSA Y
ESCRIBE
LAS PALABRAS

Trabajamos conciencia fonémica y principio alfabético.

Coloca

	 P	 E	 RR	 O
	 	 	 	

1

Belinda Haro Castilla

Rosario Porcel Bueno

4. VOCABULARIO

ORDE	SECUENCIACIÓN	EN QUE CONSISTE	ACTIVIDADE PARA TRABALLALO
1	Recuperación de palabras xa traballadas	Evocar palabras e significados vistos noutros días para consolidar a memoria léxica.	Dar unha pista contextual: “cando queremos poñer as cousas lonxe, témolas que...” → “separar”.
2	Prelectura	Presentar as palabras-obxectivo antes do conto ou da situación comunicativa.	Escoller 2-4 palabras e comentalas con imaxe, obxecto real ou xesto antes de ler.
3	Presentación en narración	Introducir as palabras novas dentro dunha historia ou contexto con sentido.	Ler unha pequena narración na que aparezan as palabras “temprano”, “tarde” e “pronto”.
4	Extracción activa do significado	Axudar ao alumnado a deducir o significado a partir do contexto, guiando a conversa.	Preguntar: “se chegou antes do necesario, chegou temprano ou tarde?”.
5	Definición sinxela + apoio visual	Ofrecer unha explicación breve, comprensible e acompañada dun debuxo ou imaxe.	“Recoller é gardar unha cousa que non está no seu sitio”, acompañado dunha foto de nenos recollendo.
6	Exemplos e contraexemplos	Comprobar se o alumnado distingue cando a palabra encaixa e cando non.	Ensinar escenas e preguntar: “é un exemplo de recoller? si ou non?”.

4. VOCABULARIO

ORDE	SECUENCIACIÓN	EN QUE CONSISTE	ACTIVIDADE PARA TRABALLALO
7	Uso en frases propias	Levar a palabra ao discurso oral do alumnado para que a use de forma activa.	Pedir: “di unha frase con temprano / recoller / xuntar”.
8	Sinónimos, antónimos e relacións	Precisar o significado conectando a palabra con outras que se parecen ou se opoñen.	Facer parellas como “temprano-pronto” e contraposicións como “temprano-tarde”.
9	Postlectura e inferencias	Aplicar o vocabulario e a comprensión a preguntas que obrigan a pensar máis alá do literal.	Tras o conto, formular inferencias causais: “por que chegou tarde Martín se lle lembraron o espertador?”.

Aplicación práctica: avanzar cando a maioría do alumnado responda con seguridade e a tarefa anterior estea consolidada con e sen apoio.

Idea clave

Ampliar, precisar e activar o léxico a partir de contos, conversas, proxectos e situacións reais de aula.

Temporalización orientativa

Traballo semanal estable. Seleccionar poucas palabras cada vez e recuperalas de maneira recorrente.



VOCABULARIO

NARRACIÓN DE HISTORIAS

EL PUCHERO DEL MAGO MERLÍN				
				

PERSONAXE
PROBLEMA
SENTIMIENTO
ACCIÓN
SOLUCIÓN

PEQUENA NOTA SOBRE NARRACIÓN

A narración pode funcionar como fío condutor de todo o anterior. Unha secuencia útil é: 1) a docente modela unha historia, 2) o alumnado reconstrúea con apoio visual, 3) o apoio retírase pouco a pouco, e 4) o neno ou nena crea unha historia propia incorporando vocabulario, conectores e estruturas traballadas.

Actividade exemplo: contar un conto con láminas, volver contalo entre todos, retirando pictogramas, e rematar cunha pequena historia persoal ("A min tamén me pasou...").

CRITERIO COMÚN	COMO AVANZAR	QUE PRIORIZAR
POUCO E FRECUENTE	AXUDA → AUTONOMÍA	CALIDADE DA INTERACCIÓN
MELLOR 10-15 MINUTOS BEN GUIADOS VARIAS VECES Á SEMANA CA SESIÓNS LONGAS E ILLADAS.	COMEZAR CON MODELADO E APOIO VISUAL/MANIPULATIVO; RETIRALOS CANDO A RESPOSTA SEXA SEGURA.	POUCAS PALABRAS, MOITAS INTERACCIÓNS, CORRECCIÓN INMEDIATA E TAREFAS MOI CLARAS.

VOCABULARIO

ADIVIÑAS, CANCIÓNS, TRABALINGUAS, RIMAS, REFRÁNS, POEMAS...



ACORDOS TOMADOS

- SISTEMATIZACIÓN (10-15 MIN DIARIOS)
- ESTABLECER GRUPOS POR NIVEL MADURATIVO
- CONTO DIARIO
- USO DE ARTICULEMAS E SILABARIO
- APOIO CON XESTOS MONFORT
- CANCIÓNS TAMARA CHUBAROVSKY
- PALABRA= PUÑO
- SÍLABAS = DEDOS SUMATIVOS
- FONEMAS = DEDOS
- PROGRESIÓN PRESENTACIÓN VOCAIS/FONEMAS *
- USO DE PAUTAS NO INICIO DA ESCRITURA






PROPUESTA DE PROGRESIÓN PEDAGÓGICA DE GRAFEMAS

Vocales	a
	e
	o
	i
	u
Consonantes nasales	m
	n
Consonante fricativa	s
Consonante lateral	l
Consante fricativa	ʃ
Consonante oclusiva sorda	p
	t
Consonante oclusiva sonora	b
	d
Consonante oclusiva sorda (ca, co, cu)	c
	ce – ci
Za – zo – zu	z
Dígrafo	qu
Consonante oclusiva	ɰ
Dígrafo	ll

Consonante/ vocal	y
Letra muda	h
Dígrafo	ch
Consante oclusiva sonora	g
Dígrafo	gu
Consonante vibrante múltiple (comienzo y rr)	r - rr
Consante vibrante simple	r
Consante fricativa velar	j
Sonidos ge - gi	g
Sonidos gue – gui	gu
Sonidos güe – güi	gü
Consonante nasal africada	ɲ
Consonante k	k
Consonante x	x
Consonante w	uɰ

TAREFAS PENDENTES


- MAIÚSCULAS VS MINÚSCULAS
- CANDO INICIAR A ESCRITURA
- EQUIPO CICLO RECOMPILAR PRECURSORES (MEMORIA AUDITIVA...)
- ESTABLECER PROGRESIÓN GRAFEMAS *









CONCLUSIÓN


- Necesario manter reunións periódicas con centros adscritos por dous motivos:
 - Manter unha coherencia na metodoloxía empregada.
 - Coñecer se se observan beneficios no uso desta metodoloxía ou non.
- Reunión con familias para poder remar na mesma dirección e seguir os mesmos pasos

“Non se trata de ensinar a ler antes, senón de preparar mellor para ler e escribir con sentido”






PROPOSTA BIBLIOGRAFÍA





PROPOSTA XOGOS DE MESA





PROPOSTA XOGOS DE MESA



MOITAS GRAZAS




CRA
TOMIÑO
Máis que un cole



cratominho



Cra Mestre Manuel
Garcés



cra.tominho@edu.xunta.gal



986 62 27 75